



**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO GROVE PARA O MANTEMENTO DUN GRUPO LOCAL DE ATENCIÓN A EMERXENCIAS**

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por outra parte, Juan Antonio Cacabelos Rico, alcalde do Concello do Grove, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

**EXPOÑEN**


**Primeiro.** A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

**Segundo.** A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

**Terceiro.** Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Especificamente, o artigo 91 da LALGA establece que os concellos turísticos e a Xunta de Galicia poderán subscibir convenios para establecer as fórmulas de asistencia e coordinación destinadas a garantir a prestación dos seus servizos máis característicos e, en especial, a



protección da salubridade e hixiene no medio urbano e natural e nas praias e costas, así como tamén a protección civil e a seguridade cidadá.

Neste mesmo senso, o artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as administracións públicas poden subscribir convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

**Cuarto.** O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

**Quinto.-** O artigo 109 da LALGA e o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, encoméndanlle ás Deputacións Provinciais a coordinación dos servizos municipais entre si, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos en todo o territorio da provincia. Igualmente atribúelles a prestación de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, particularmente aos que teñen menor capacidade económica e de xestión.

**Sexto.-** O artigo 80 da LALGA, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para facer fronte ás súas competencias en materia de protección civil e emerxencias.

**Sétimo.** O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 21 de decembro de 2015, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro), aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco, entre as que se atopan a subscripción de convenios para Grupos de Emerxencias (artigo 2.1.c).

**Oitavo.** O Concello do Grove expuxo a necesidade de manter un Grupo municipal de atención a emerxencias propio que responda ás singularidades deste concello.





Así, a situación xeográfica da península do Grove, cun único acceso ao territorio continental, causa que os servizos de emerxencias provenientes de fóra do concello teñan un elevado tempo de resposta para actuacións neste.

Ademais, o Concello do Grove conta con 15 quilómetros de costa e 36 areas aptas para o baño, o que fai que a única Unidade Marítima de Salvamento e Rescate teña que dar servizo os 365 días do ano durante 24 horas ao día, apoiando incluso ao Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo de Fisterra e prestando na tempada estival un servizo específico nas praias de bandeira azul, coas que conta o Concello do Grove.

A poboación do concello experimenta un gran crecemento demográfico estacional derivado da súa condición de concello turístico e do seu extenso litoral e do número de praias, de tal xeito que as persoas con residencia temporal, turistas e transeúntes multiplican por cinco o número de veciños da localidade durante os meses de verán e durante a celebración de eventos puntuais, como a Festa do Marisco.

Non podemos esquecer a existencia de importantes empresas do sector conserveiro, de transformación de produtos do mar e dunha relevante actividade industrial do sector primario, como é a pesca e a acuicultura, que constitúen o soporte da súa economía, dan traballo á poboación residente e do seu contorno, e utilizan equipamentos tales como unha importante frota de embarcacións. Todo isto fai preciso contar cun servizo de emerxencias localizado no propio concello do Grove que permita dar unha resposta axeitada e inmediata en caso de demandas urxentes.


Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello do Grove para afrontar en solitario os compromisos económicos que o mantemento do Grupo municipal de atención a emerxencias, que constitúe o obxecto de subvención, representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello do Grove.

**Noveno.** Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Grove, no que se fai preciso que o concello conte cun Grupo municipal de atención a emerxencias, como parte necesaria para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

**Décimo.** O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.** En base a todo o anterior, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial de



Pontevedra e o Concello do Grove acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

1. O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para o mantemento dun grupo municipal de atención a emerxencias.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público de forma eficaz e eficiente.
  - Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
  - Dar resposta ás necesidades do elevado incremento estacional de poboación mediante unha axeitada planificación previa
  - Valorizar os recursos dispoñibles
2. O grupo estará composto por un mínimo de 12 membros, cun custo estimado para 6 meses de CENTO VINTE E CINCO MIL VINTE E UN EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (125.021,83 €), segundo o orzamento achegado polo Concello do Grove que se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.
  3. O Grupo municipal de atención a emerxencias do Concello do Grove desenvolverá as seguintes funcións:
    - a. Intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial do concello do Grove. No caso de que na súa demarcación existe un parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
    - b. Realización de traballos forestais preventivos.
    - c. Intervención en situacións de risco e de emerxencias, especialmente en caso de accidentes de tráfico, colaborando na limpeza e retirada de obxectos cos medios persoais e materiais que sexan precisos. Isto non implica asumir a responsabilidade no mantemento da vía, polo cal a responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía en que se produza o sinistro.
    - d. Intervención en situacións derivadas de fenómenos naturais: nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra ou situacións de seca, entre outros.
    - e. Intervención en actuacións de salvamento marítimo e rescates.
    - f. Colaboración e, de ser o caso, intervención en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
    - g. Colaboración coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoais en acontecementos ou eventos puntuais que teñan lugar na demarcación territorial do Concello do Grove. Neste eido prestarase colaboración a particulares e entidades públicas e privadas que organizan todo





- tipo de eventos, como probas deportivas, actividades recreativas, campañas solidarias ou actuacións ambientais.
- h. Colaboración e apoio en calquera outra situación que implique riscos para as persoas, os bens ou o ambiente, no ámbito territorial do Concello do Grove.
  - i. Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos Plans de Emerxencia Municipal (PEMUS), Plans de Actuación Municipal (PAM) e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
  - j. Realización de actividades e, de ser o caso, no establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de risco descritas nos números anteriores.
  - k. Calquera outra actuación en materia de protección civil, emerxencias e protección do ambiente, que sexa precisa.

**Segunda. Obrigas de financiamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello do Grove.**

Para o financiamento do mantemento do Grupo municipal de atención a emerxencias, que constitúe o obxecto deste convenio de colaboración, cada unha das partes achegará os importes máximos e porcentaxes de financiamento sobre o custo final do proxecto subvencionado que se indican no cadro inserido a continuación, con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias:



| ADMINISTRACIÓN PARTICIPANTE                                                                            | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | ACHEGA MÁXIMA INICIAL | Porcentaxe     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-----------------------|----------------|
| Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza - Dirección Xeral de Administración Local | 05.23.141A.461.1        | 33.343,32             | 26,67%         |
| Deputación Provincial de Pontevedra                                                                    | 16/923.1360.462.05      | 41.669,78             | 33,33%         |
| Concello do Grove                                                                                      | 135.131.00              | 50.008,73             | 40,00%         |
|                                                                                                        | 135.160.00              |                       |                |
| <b>Total</b>                                                                                           |                         | <b>125.021,83</b>     | <b>100,00%</b> |

Os gastos de material do servizo correrán integramente por conta do concello do Grove.

**Terceira. Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio financiaranse os gastos de persoal nos que incorra o Concello do Grove para o mantemento dun Grupo municipal de atención ás emerxencias realizados entre o 1 de abril e o 30 de setembro de 2016, polo tanto inclúense aqueles gastos que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

No caso de que o gasto realizado teña un custo inferior ao inicialmente orzado e sempre que isto non supoña unha execución deficiente das actuacións subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe que a axuda





de cada administración participante representa sobre o custo final da actividade, de conformidade co cadro inserido na cláusula segunda.


Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O Grupo dependerá xuridicamente do Concello do Grove, que é a entidade contratante, e en ningún caso o seu persoal terá vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia ou coa Deputación Provincial de Pontevedra.

#### **Cuarta. Obrigas específicas do Concello do Grove**

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello do Grove:

1. Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. A xestión do Grupo municipal de atención a emerxencias, nos aspectos materiais, técnicos ou de servizo, entre outros, incluída a coordinación, dirección, organización e funcionamento; entre outras:
  - a. A selección do persoal adscrito ao grupo.
  - b. Asumir a adscrición orgánica e funcional do persoal deste grupo.
  - c. Coordinar o grupo.
  - d. Aboar mensualmente as nóminas e demais custos derivados da contratación do persoal.
  - e. Tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas e instalacións do grupo.
3. Xustificar ante a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no tempo e na forma establecidos neste convenio e na normativa de subvencións que sexa de aplicación.
4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
  - b. Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento efectivo nos termos establecidos na cláusula oitava deste convenio, de ser o caso.
  - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente recollida na cláusula segunda, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





- f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Seleccionar o persoal adscrito ao grupo municipal de atención a emerxencias de conformidade coa normativa de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, especialmente a normativa de aplicación no ámbito local ou, en todo caso, baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

#### **Quinta. Medios persoais e materiais.**

O Concello do Grove sinalará en documento anexo ao presente convenio, logo da súa sinatura, os medios persoais e materiais que dedicará á realización das actividades materiais, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto deste convenio.

#### **Sexta. Conta xustificativa**

O pagamento das achegas económicas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Pontevedra realizarase unha vez xustificadas as actuacións obxecto do convenio, logo da presentación por parte do concello da seguinte documentación acreditativa da execución do proxecto subvencionado:

- a) Certificación da intervención municipal na que se faga constar a toma de razón en contabilidade do gasto realizado e o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
1. O cumprimento da finalidade da subvención.
  2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga ou data de pagamento, segundo proceda.
  3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) Certificación emitida pola secretaría do concello na que se faga constar que na contratación do persoal integrante do Grupo municipal de atención a emerxencias seguironse os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ou, de ser o caso, con pleno respecto aos principios





de igualdade, mérito e capacidade.

- d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e) Declaración responsable na que se faga constar que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o Concello do Grove se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Pontevedra expedirán respectivas certificacións acreditativas do cumprimento polo concello beneficiario, e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención na contía que corresponda, segundo as porcentaxes e ata o importe máximo establecidos na cláusula segunda.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas será o 30 de setembro de 2016 e o concello terá de prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 30 de novembro de 2016.

### **Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención**

Producirase a perda do dereito do Concello do Grove ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma, de conformidade co previsto na cláusula sexta deste convenio.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
  - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é o mantemento dun Grupo municipal de atención a emerxencias. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
  - Non acreditar na forma establecida na cláusula sexta que na contratación do persoal integrante do Grupo municipal de atención a emerxencias se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
  - O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula sexta.







### Oitava. Efectividade dos pagamentos

Para os efectos do artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, letra b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención concedida.

A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Os gastos acredítanse mediante a presentación de nóminas e TC2.
2. Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
  - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
  - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
  - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable.

Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.


Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o Concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

### Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula cuarta deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula segunda deste convenio.





- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Pontevedra poderán esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

#### **Décima. Compatibilidade con outras subvencións**

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

#### **Décimo primeira. Facultades de inspección**

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Pontevedra, a través dos seus respectivos servizos técnicos, resérvanse a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que consideren necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

#### **Décimo segunda. A comisión de seguimento**

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por:


- Dous representantes da Deputación Provincial de Pontevedra
- Dous representantes do Concello do Grove
- Dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local

A comisión rexerase polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Seguimento da xestión do servizo.
- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.

Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio





### **Décimo terceira. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

### **Décimo cuarta. Vixencia do convenio**

Sen prexuízo do establecido na cláusula terceira, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2016.

### **Décimo quinta. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

### **Décimo sexta. Publicidade do convenio**

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.


En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

### **Décimo sétima. Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro  
de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza




Alfonso Rueda Valenzuela

A presidenta da Deputación  
Provincial de Pontevedra



María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello do Grove



José Antonio Cacabelos Rico

Orzamento. Gastos de persoal do Grupo municipal de atención a emerxencias  
abril-setembro 2016  
Concello do Grove

| ORZAMENTO DOS CUSTOS DE PESSOAL DO GRUPO MUNICIPAL DE ATENÇÃO DE EMERGENCIAS DO GROVE |                  |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------|------------------|---------------------|---------------------------------|-----------|---------------------|---------------------------------|-----------|---------------------|---------------------------------|-----------|---------------------|---------------------------------|
| POSTOS                                                                                | MESES            |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |
|                                                                                       | ABRIL            |                     |                                 | MAIO      |                     |                                 | JUNHO     |                     |                                 | JULHO     |                     |                                 |
|                                                                                       | Soldo            | Prorrata paga extra | Seguridade social, Cota empresa | Soldo     | Prorrata paga extra | Seguridade social, Cota empresa | Soldo     | Prorrata paga extra | Seguridade social, Cota empresa | Soldo     | Prorrata paga extra | Seguridade social, Cota empresa |
|                                                                                       | 1.150,00         | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          |
| CAPATAZ 1                                                                             | 1.150,00         | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          |
| CAPATAZ 2                                                                             | 1.150,00         | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          |
| CAPATAZ 3                                                                             | 1.150,00         | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          | 1.150,00  | 197,81              | 509,47                          |
| PEON 1                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 2                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 3                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 4                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 5                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 6                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 7                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 8                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| PEON 9                                                                                | 1.050,00         | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          | 1.050,00  | 180,86              | 465,27                          |
| Suma                                                                                  | 12.900,00        | 2.221,17            | 5.715,80                        | 12.900,00 | 2.221,17            | 5.715,80                        | 12.900,00 | 2.221,17            | 5.715,80                        | 12.900,00 | 2.221,17            | 5.715,80                        |
|                                                                                       | SEGURIDADE TOTAL |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |           |                     |                                 |

| POSTOS    | AGOSTO    |                         |                                      | SETEMBRO  |                         |                                      |
|-----------|-----------|-------------------------|--------------------------------------|-----------|-------------------------|--------------------------------------|
|           | Soldo     | Prorratea<br>paga extra | Seguridad<br>social, Cota<br>empresa | Soldo     | Prorratea<br>paga extra | Seguridad<br>social, Cota<br>empresa |
|           |           | 197,81                  | 509,47                               | 1.150,00  | 197,81                  | 509,47                               |
| CAPATAZ 1 | 1.150,00  | 197,81                  | 509,47                               | 1.150,00  | 197,81                  | 509,47                               |
| CAPATAZ 2 | 1.150,00  | 197,81                  | 509,47                               | 1.150,00  | 197,81                  | 509,47                               |
| CAPATAZ 3 | 1.150,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 1    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 2    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 3    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 4    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 5    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 6    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 7    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 8    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| PEON 9    | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               | 1.050,00  | 180,86                  | 465,27                               |
| Suma      | 12.900,00 | 2.224,17                | 5.715,80                             | 12.900,00 | 2.223,17                | 5.715,80                             |

| TOTAL<br>SALARIOS | SEGURIDADE<br>SOCIAL COTA<br>EMPRESA<br>TOTAL | TOTAL<br>CUSTOS<br>PERSONAL |
|-------------------|-----------------------------------------------|-----------------------------|
| 8.086,86          | 3.056,83                                      | 11.143,69                   |
| 8.086,86          | 3.056,83                                      | 11.143,69                   |
| 8.086,86          | 3.056,83                                      | 11.143,69                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 7.385,16          | 2.791,59                                      | 10.176,75                   |
| 90.727,02         | 34.294,81                                     | 125.021,83                  |

